

GABINETE TÉCNICO DE IGUALDADE



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Capítulo 1. Apoderamento feminino

Co financiamento de:



Capítulo 1. Apoderamento feminino

Sen presenza masculina?

O 25 de setembro de 2015, líderes mundiais adoptaron un conxunto de obxectivos globais para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todo o mundo como parte dunha nova axenda de desenvolvemento sostible.

Cada un dos 17 obxectivos ten metas específicas que deben alcanzarse nos próximos 15 anos.



Fonte: Unesco

Imos centrarnos no obxectivo 5:

Lograr a igualdade entre os xéneros e apoderar a toda as mulleres e a nenas

Cousas que xa sabemos:

- Que a igualdade de xénero, ademais dun dereito humano fundamental, é un dos fundamentos esenciais para construír un mundo pacífico, próspero e sostible.
- Que nas últimas décadas conseguíronse avances importantes: hai máis mulleres con cargos directivos e posicións de liderado, as leis están a se reformar para fomentar a igualdade de xénero, máis nenas están escolarizadas, obrígase a menos nenas ao matrimonio precoz, etc.

- Que, a pesar dos avances, seguen existindo numerosas dificultades: a infrarrepresentación feminina no liderado político, as normas sociais discriminatorias seguen estando xeneralizadas, a violencia de xénero...
- A pandemia agravou as desigualdades existentes para mulleres e nenas (saúde, protección social, economía...) e, ademais, as mulleres, como coidadoras (remuneradas ou non), traballadoras sanitarias e, en xeral, tanto na resposta ao virus, como nos efectos económicos do mesmo, vense, de forma desproporcionada, máis afectadas en mercados laborais inseguros.

E, como unha das solucións para liquidar a desigualdade de xénero, **por todas partes atopámonos coa expresión “apoderar a nenas e mulleres”** a través da sensibilización, a información e a formación.

Significados de apoderar (RAG):

3. tr. *Facer poderoso ou forte a un individuo ou grupo social desfavorecido.*

O movemento de mulleres apoderadas fai referencia **ao terceiro termo**, que empezou a usarse na *IV Conferencia mundial sobre a Muller* (Beijín, 1995), na que se logrou que 189 gobernos se comprometesen a impulsar un cambio a favor dos dereitos das mulleres.

Podemos atopar contidos relacionados onde se explican **as razóns para a necesidade deste apoderamento**.

Vexamos algunhas:

1. Os estereotipos de xénero adquírense desde a infancia

As nenas comezan a sentirse menos intelixentes que os nenos a partir dos 6 anos. Os estereotipos de xénero fan efecto nas aspiracións e intereses das nenas desde idades moi temperás (segundo investigación publicada na revista *Science*).

2. Elas aprenderán a ser valentes, non perfectas

Á maioría das nenas adoitase ensinalles a evitar o risco e o fracaso centrándose en xogos seguros, en ser perfectas no que fagan.

Aos nenos, adóitase a animalos a arriscar, a ser poderosos, valentes, ambiciosos, tenaces.

Pois elas tamén deben saber deixar o medo ao carón para enfrontarse aos desafíos da vida, a non renderse, e a aprender así tanto dos seus acertos como dos seus erros.

3. As nenas de hoxe serán as líderes de mañá

Elas son a metade da humanidade, e incluírá a líderes políticas, empresarias, nais, traballadoras...A ONU recorda: *“investir no seu potencial defende os seus dereitos agora e promete un futuro máis equitativo e próspero”*.

4. Sen elas, o desenvolvemento non é posible

A igualdade de xénero non é só un obxectivo de desenvolvemento en si mesmo, senón un medio imprescindible para lograr todos os ODS. Só con homes e mulleres convivindo en igualdade será posible solucionar os conflitos políticos, o crecemento económico, a prevención das enfermidades, o cambio climático e, en definitiva, garantir a sustentabilidade do mundo.

5. Porque contribúe a previr a violencia e a discriminación

Ademais de fomentar o liderado e a autoestima nas nenas, tamén é necesario educar á infancia en igualdade de xénero.

A idades moi temperás (0-12 anos) os prexuízos apenas existen, o que favorece que interioricen un comportamento cívico baseado na igualdade e o respecto cara a un mesmo e os demais, deixando de lado os roles de xénero.

Perfecto, ata aquí, a maioría estaremos de acordo en todo.

Pero, con que nos atopamos no día a día?:

Centros educativos (desde colexios de primaria a universidades), empresas e organizacións (públicas e privadas), entidades de todo tipo (asociacións, colexios profesionais, fundacións...) nos que se organizan multitude de foros, charlas e cursos sobre sensibilización en materia de igualdade, apoderamento e liderado feminino, de prevención do acoso ...**aos que só asisten elas** (mentres eles están en calquera outra actividade: deporte, novas tecnoloxías, lecer, reunións...).

Pois nada se consegue se non participan os homes.

Eles tamén deben sensibilizarse, informarse, formarse, entender a importancia do apoderamento feminino. E apoialo.

Fin da cita.